

COMITÉ DE APELACIÓN
FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN

Recurso de Apelación: 2/ 2425
Solicitante: Balonmán Chapela

RESOLUCIÓN

Visto o recurso de apelación presentado polo Balonmán Chapela, en data 16/11/2024, no que solicita a revogación da resolución de sanción imposta polo Comité Territorial de Competición na acta 2425/11 de 7 de novembro, por non estar de acordo.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- O 7 de novembro de 2024 O Comité Territorial de Competición da Federación Galega de Balonmán, facendo uso das súas facultades e competencias, acorda entre outras medidas disciplinarias, na Acta nº 2425/11 acorda sancionar con 200 € o clube Chapela en aplicación do artigo 53 A do RRDG.

SEGUNDO.- Sanción que ven de ser recorrida polo club mediante recurso, presentado en tempo.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Proba en contra da resolución recorrida.

O recurso non aporta proba en contra da acta, en ningún caso se proba que o recollido na acta é falso de feito recoñecen os feitos xustificando que xa os reprobaron.

As Actas e contido das mesmas veñen regulados polos artigos 179 e 180 do Regulamento de Partidos e Competicións da Federación Española de Balonmán:

“os árbitros consignarán nas actas someramente, pero con absoluta claridade cantos incidentes ocorran durante o partido e con relación a o seu desenvolvemento, especialmente os casos de faltas contra a autoridade arbitral, agresións ou ofensas entre ou contra os xogadores/as, determinacións adoptadas, descontos de tempo e prórrogas, etc., refirindo os feitos pero absténdose de calificalos”

“A acta do partido, e no seu caso o anexo da acta redactado polos árbitros, constitúen unha das bases fundamentais e medio documental necesario para as decisións que haxa de adoptar o Comité de Competición. As declaracións dos árbitros e delegados federativos, que se formulen por escrito, presumense certas, salvo error materialmente manifesto ou probado po los órganos competentes.”

Dito isto entendemos que o Comité de Competición debe dar credibilidade total ó que nela se recolle, a acta recolle insultos e se sanciona nese senso, que ademáis o clube recoñece ios feitos.

SEGUNDO.- Reincidencia.

O clube sabe que fui apercibido con anterioridade polos mesmos feitos. Incluso recurrido o mero a apercibimento.

Por todo o exposto, este Comité de Apelación, reunido ao efecto

RESOLVE

DESESTIMAR o recurso interposto por Balonmán Chapela contra a Acta nº 2425/11 que acorda sancionar ao clube, CONFIRMANDO a devandita resolución.

Esta resolución esgota o trámite federativo, contra a mesma cabe recurso perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de 15 días hábiles, dende a súa notificación.

Comuníquese aos interesados.

Vigo, 16 de decembro de 2024
A Presidenta do Comité de Apelación
Asdo. Laura González Solla